



BANDO DE ALCALDÍA

RECORDATORIO DAS OBRIGAS EN MATERIA DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS

A ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE MARÍN

FAI SABER:

Tralas modificacións introducidas polos artigos 21 e seguintes da Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia por parte da Lei 9/2017, de 26 decembro, de medidas fiscais e administrativas, **que entrou en vigor o pasado 1 de xaneiro de 2018,**

INFÓRMASE.-

Que segundo o disposto no artigo 22 da Lei 3/2007, do 9 de abril, as personas que resulten responsables conforme ao artigo 21.1.a) do mesmo corpo legal, é dicir, as personas físicas ou xurídicas titulares do dereito de aproveitamento sobre os terreos forestais e os terreos situados nas zonas de influencia forestal nos que teñan os seus dereitos, **antes de que remate o mes de maio** están obrigadas a xestionar a biomasa vexetal existente no ámbito das redes de faixas de xestión de biomasa (franja de 50 metros perimetral ó solo urbano, de núcleo rural e urbanizable, así como ó redor de edificacións e vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, cámpings, gasolineras, parques e instalacións industriais e construcións illadas en solo rústico) incluída, no seu caso, a retirada de especies arbóreas (na devandita franxa de 50 metros tampouco poderá haber piñeiros, eucaliptos nin acacias), é dicir, a executar os traballos comúmente coñecidos como labores de **“tala e roza”**.

Polo exposto, chegado o remate do mes de maio, o Concello **COMUNICARÁ** as persoas que incumpran o anterior, á súa obriga de xestión da biomasa vexetal e a retirada de especies arbóreas prohibidas concedéndolle para facelo **un prazo máximo de quince días naturais, ou de tres meses no caso das franxas laterais das vías de comunicación, contado desde a recepción da comunicación**. A comunicación advertirá de que, en caso de persistencia no incumprimento transcorrido dito prazo, poderase proceder á execución subsidiaria con repercusión dos custes de xestión da biomasa e, no seu caso, decomiso das especies arbóreas prohibidas retiradas pola Administración, nas condicións establecidas no artigo 22 da Lei 3/2007, **sen prexuízo da instrución do procedemento sancionador que corresponda**.

ADVERTIR que o incumprimento das devanditas obrigas conleva a imposición de multas coercitivas e as sancións que resulten.

É RESPONSABILIDADE DE TODOS EVITAR OS INCENDIOS FORESTAIS.

** Publicáse folleto elaborado pola Xunta de Galicia sobre distancias.*

Documento asinado electrónicamente ao pe

